



CERTIFICACIÓN

Don Francisco Javier Novoa Juiz, secretario xeral do Concello de Vimianzo (A Coruña).

CERTIFICO:

Que a Alcaldía con data 30-07-2024, ditou a Resolución 948/2024 que a continuación se transcribe:

"RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: Aprobación do expediente de contratación para a execución do proxecto de obra denominado "Mellora viario municipal de cuadra a Bouza e outro". Expediente TEDeC 2024/C003/000005.

Visto o escrito con RE 202400000001578, de 30/04/2024 polo que se notifica a resolución da directora xeral de Desenvolvemento Rural (Consellería do Medio Rural), asinada en data 26/04/2024, en relación á concesión da axuda ao abeiro do Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024, para a execución, entre outros, do proxecto de obras "Mellora viario municipal de cuadra a Bouza e outro", que ascende a contía de oitenta e nove mil oitocentos noventa e catro euros e noventa e dous céntimos (89.894,92 €), concedendo unha axuda total para este proxecto de obra de 55.860,90 euros.

Visto o proxecto de obras denominado "Mellora viario municipal de cuadra a Bouza e outro" redatado en xaneiro de 2024 (RE 20249990000004, de 19/01/2024) polo enxeñeiro de Camiños, C e P, colexiado núm.22.992, que ascende a un importe total de oitenta e nove mil oitocentos noventa e catro euros e noventa e dous céntimos (89.894,92 €), que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/07/2024, previo ditame favorable da comisión de obras e urbanismo da mesma data.

Tendo en conta a natureza das actuacións ás que fai referencia o obxecto do proxecto estamos ante un contrato administrativo de obras regulado nos art. 12 e 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), cuxa necesidade, de acordo co art. 28 do LCSP ven xustificada pola obrigatoriedade que se establece na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local aos municipios de prestar servizos de accesos aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais.

Vista a providencia da alcaldía de data 26/07/2024 na que se xustifica a necesidade desta contratación, nos termos do art. 28 do TRLCSP, e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación das obras *Mellora viario municipal de cuadra a Bouza e outro* redatado en xaneiro de 2024 (RE 20249990000004, de 19/01/2024) polo enxeñeiro de Camiños, C e P, colexiado núm.22.992, que ascende a un importe total de oitenta e nove mil oitocentos noventa e catro euros e noventa e dous céntimos (89.894,92 €), que funcionará como prescricións técnicas.

Visto que orzamento de licitación como máximo ascende á contía de oitenta e nove mil oitocentos noventa e catro euros e noventa e dous céntimos (89.894,92 €), IVE incluído e o valor estimado do contrato ascende á contía de setenta e catro mil setenta e catro mil novecentos noventa e tres euros e trinta e dous céntimos (74.293,32 €), estímase procedente a contratación da referida obra mediante procedemento aberto simplificado sumario, por razón da contía (art.159.6 da LCSP), así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación necesaria no presente caso dado que os investimentos



deben estar xustificados, o 12/11/2024, de conformidade coa Resolución da directora xeral de Desenvolvemento Rural (Consellería do Medio Rural), das axudas correspondentes ao Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024, que cofinancia a execución do proxecto obxecto de licitación.

Constan informe técnico emitido pola técnica do servizo de urbanismo, en data 19/01/2024 ao respecto da conformidade coa lexislación urbanística e sectorial así co planeamento en vigor, dispoñibilidade, supervisión, lotes e autorizacións. Así como informe do arquitecto municipal de data 16/07/2024 de adecuación das autorizacións ao proxecto.

Vista a proposta de prego de cláusulas administrativas particulares, de data 26/07/2024, proposto pola Alcaldía, que consta no expediente TEDeC.

Constan informes favorables emitidos pola Secretaría e pola Intervención municipais, en data 29/07/2024.

Tamén consta documento de retención de crédito núm. de operación 220240006396, asinado en data 29/07/2024 polo interventor.

Considerando o disposto na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de obras e o prego de cláusulas administrativas particulares, de data 26/07/2024, que rexerá a contratación, por procedemento aberto simplificado sumario, tramitación ordinaria, para a execución do proxecto de obra denominado *Mellora viario municipal de cuadra a Bouza e outro* redatado en xaneiro de 2024 (RE 20249990000004, de 19/01/2024) polo enxeñeiro de Camiños, C e P, colexiado núm.22.992, que ascende a un importe total de oitenta e nove mil oitocentos noventa e catro euros e noventa e dous céntimos (89.894,92 €) e que funcionará como prescricións técnicas, cofinanciado polo Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024.

Dispónse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto simplificado sumario (art.159.6 da LCSP) e tramitación ordinaria, declarando a non división en lotes do investimento obxecto de licitación en base ao xustificado na memoria da contratación.

Segundo.- Aprobar o gasto por importe total de oitenta e nove mil oitocentos noventa e catro euros e noventa e dous céntimos (89.894,92 €), IVE incluído, de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratos do estado, en cumprimento do disposto no art. 63 da LCSP.

Cuarto.- Dar conta desta Resolución na vindeira sesión ordinaria do Pleno do concello.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario, dou fe.
A alcaldesa O secretario



Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”



Francisco Javier Novoa Juiz

E para que así conste, por orde e co visto e praxe da Sra.alcaldesa, expido esta certificación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)

O secretario
Francisco Javier Novoa Juiz